



# Indicadores sobre Banda Larga nos Fogares Galegos

Ano 2011

**XUNTA DE GALICIA**

Indicadores sobre Banda Larga 2011.  
Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Edita: Xunta de Galicia  
Presidencia  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)  
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela  
Ano: 2012

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.  
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:  
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

# Indicadores sobre Banda Larga nos Fogares Galegos

## Año 2011

Observatorio da Sociedade da Información e  
a Modernización de Galicia

**Xunta de Galicia**  
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)  
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia  
Santiago de Compostela  
2012



## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	7
I. CONEXIÓN A INTERNET	
I.1. Disponibilidade	11
I.2. Dispositivos de acceso a Internet	14
I.3. Os fogares sen Internet contratada	16
II. MODALIDADE DE CONEXIÓN	
II.1. Tecnoloxía de acceso	23
II.2. Velocidade de conexión	30
EN SÍNTESE	33



## INTRODUCCIÓN

Este informe ofrece os resultados relativos á banda larga contidos na “Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia. Ano 2011” elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA). Este estudo foi elaborado polo OSIMGA, no marco da encomenda realizada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

A información relativa aos indicadores de banda larga contida neste informe estrutúrase en dous capítulos:

- **Conexión a Internet.** Adícase este capítulo a analizar o grao de penetración de Internet nos fogares galegos, os dispositivos para acceder á Rede e os principais motivos polos que non se dispón de conexión a Internet contratada.
- **Modalidade de conexión a Internet.** No segundo capítulo abórdase a tecnoloxía de acceso a Internet e a velocidade de conexión. Neste sentido, considérase banda larga a tecnoloxía de acceso a Internet mediante ADSL, cable e banda larga móbil.

### **Marco estratéxico: Plan de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia**

Os avances na contratación de Internet e banda larga nos fogares galegos que se recollen neste informe víronse favorecidos polas actuacións do Plan de Banda Larga 2010-2013, que está a desenvolver a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

En menos de dous anos máis de 63.000 fogares galegos déronse de alta en servizos de Internet. Desde o inicio dos despregamentos contemplados no Plan e ata o primeiro trimestre deste ano producíronse unha media 150 altas ao día no servizo de banda larga, o que supón que preto de 400 galegos poidan acceder á Rede. Estes datos poñen de manifesto a boa acollida dunha das iniciativas tecnolóxicas máis relevantes da Xunta para reducir a fenda dixital e impulsar o acceso ás redes máis modernas de telecomunicación.

O obxectivo do Plan é dotar de cobertura a toda Galicia en 2013. Con esta finalidade xa están en marcha todas as accións previstas no plan, priorizando o ámbito rural galego e

impulsando ao mesmo tempo a extensión das redes de telecomunicación máis punteiras con velocidades de 100Mbps.

A día de hoxe, son xa arredor de 490.000 os galegos que poden acceder á internet de calidade e que ata agora non tiñan acceso a ese servizo. Isto supón reducir en preto dun 61% a porcentaxe de galegos sen cobertura antes do inicio do Plan. Os despregamentos do Plan xa permitiron que o 90% dos galegos teña acceso a Internet fronte ao 70% de 2009.

O elevado custo da conexión é a terceira causa aducida en Galicia para non contratar o servizo de Internet no fogar. Por iso a Amtega puxo en marcha un programa de axudas para que as familias galegas con menos recursos económicos poidan contratar a conexión a Internet nos seus fogares.



## METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

A información que se amosa neste documento procede da realización dunha enquisa nos fogares galegos, baseada nun cuestionario estruturado, que respondeu aos seguintes parámetros metodolóxicos:

■ **Ámbito:** Galicia.

■ **Universo:** Fogares galegos onde residen persoas de 16 a 74 anos.

■ **Tipo de enquisa:** Entrevista persoal asistida por ordenador (Sistema CAPI).

■ **Tamaño da mostra:** 1.692 entrevistas.

■ **Afixación:** Polietápica: selección aleatoria da vivenda e da sección censual onde desenvolver o traballo de campo dentro de cada un dos cinco estratos definidos en base á poboación residente no concello, baseado nunha ratio predeterminada de entrevistas/sección censual; selección do individuo a entrevistar mediante cotas de sexo e idade.

■ **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% ( $2\delta$ ) e  $p=q=0,5$  como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de  $\pm 2,43\%$ .

■ **Período de referencia:** o ano 2011 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2011.

■ **Traballo de campo:** do 14 de Marzo ao 19 de Xuño de 2012.

Para a elaboración do deseño mostral deste estudo contouse coa colaboración do Instituto Galego de Estatística.

Para cada variable de interese amósanse inicialmente os valores globais, para logo descender ata outras variables independentes como o sexo, idade, nivel de estudos, situación socio-laboral, renda do fogar, tipo de hábitat, etc. sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

A información que se amosa neste documento procede da recopilación de información relativa aos principais indicadores da Sociedade da Información en diferentes fontes.

**Indicadores sobre Banda Larga 2011.**  
**Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia**

- Os datos relativos á comparativa europea proceden de Eurostat (Information society statistics – isoc)
- A información relativa ao conxunto do Estado ten como fonte de información o Instituto Nacional de Estadística (INE). (*Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares*)
- A información relativa a Galicia inclúe os datos procedentes dos estudos realizados en anteriores edicións dos observatorios galegos (OCEG e OGSÍ), integrados no OSIMGA (Decreto 21/2010; DOG 26 de febreiro), xunto coa recollida na enquisa do ano 2011. As series relativas ao anos 2009 e 2010 proceden do INE –na súa desagregación para Galicia- dada a ausencia de datos por parte do OSIMGA ao non ter realizado a enquisa neses anos.

Cómpre advertir a diferenza temporal existente na recollida de datos das enquisas aos fogares do ano 2011:

- A enquisa do OSIMGA para Galicia realizouse no primeiro semestre de 2012.

Mentres que:

- A enquisa do INE para España corresponde ao segundo trimestre de 2011.



# I. CONEXIÓN A INTERNET




- ☞ O 58,3% dos fogares galegos dispón de conexión a Internet cun crecemento de 9,4 puntos no período 2010-2011 .
- ☞ Participar nas redes sociais é o servizo que resultaría de interese para un 21,2% dos fogares que actualmente non dispoñen de conexión a Internet.

- ☞ O 58,3% dos fogares galegos dispón de conexión a Internet. A presenza de Internet nos fogares galegos incrementouse 9,4 puntos con respecto a principios do ano 2010, permitindo reducir a fenda coa media estatal en 4,6 puntos.
- ☞ O dispositivo de acceso maioritario á Rede é o ordenador portátil (76,3%), que supera significativamente ao ordenador de sobremesa (64,9%). Un 43,4%% accede á Rede a través do teléfono móbil.
- ☞ O dato de contratación de conexión a Internet elévase nas grandes cidades ata o 67,9%, case 10 puntos por riba da media galega, mentres que nos concellos rurais de ata 5.000 habitantes a porcentaxe descende ata un 43,3%, 15 puntos por baixo da media.
- ☞ O 74,5% dos fogares onde viven estudantes en idade escolar obrigatoria teñen contratado Internet.
- ☞ O motivo máis frecuente de non ter contratada conexión a Internet é a falta de interese, xustificada no feito de non necesitala (49,4%).
- ☞ O correo electrónico é o servizo que máis botan en falta as persoas que non teñen conexión a Internet no fogar (36,3%).
- ☞ Participar nas redes sociais é o servizo que resultaría de interese para un 21,2% dos fogares que actualmente non dispoñen de conexión a Internet.

## I.1. Disponibilidade


### G.1. CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET



Base: total de fogares  
Fonte: OSIMGA

### G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Contratación de conexión a Internet  
Comparación Galicia e España  
(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA-INE

O 58,3% dos fogares galegos ten contratada conexión a Internet. A presenza de Internet incrementouse 9,4 puntos porcentuais con respecto a principios do ano 2010, pasando dun 48,9% a un 58,3%. Isto permitiu reducir a fenda dixital coa media estatal de 10,2 puntos en 2010 a 5,6 puntos en 2011.

A contratación da conexión a Internet está moi vencellada a determinadas características das persoas e dos fogares nos que residen. A idade é unha destas características explicativas, de maneira que a proporción de fogares con acceso a Internet onde reside a poboación enquisada máis nova (de 16 a 24 anos) é dun 83,0%, e redúcese progresivamente ata o 21,7% se as persoas entrevistadas son maiores de 65 a 74 anos.

### G.3. CONTRATACIÓN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA

Outro factor que ten un peso singular na dispoñibilidade de conexión a Internet no fogar é a presenza de estudantado no núcleo familiar, condición que fai incrementar o indicador ata o 74,5% no caso de convivencia con nenos e nenas en idade escolar e ata o 86,2% no caso de convivencia con estudantes universitarios.

### G.4. CONTRATACIÓN DA CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS E ESTUDANTES


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA

### G.5. CONTRATACIÓN DA CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O HABITAT

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA

Por tipo de hábitat, atopamos o grao máis elevado de fogares con acceso á Rede nas grandes cidades (67,9%). O indicador mantense en valores próximos á media nos núcleos de tamaño intermedio, e experimenta unha drástica redución, de ata 15 puntos por debaixo da media xeral, nos concellos con menor volume poboacional.

O 88,8% dos fogares galegos con conexión a Internet contratou o servizo hai máis dun ano e un 11,2% fíxoo no último ano.

### G.6. ANTIGÜIDADE DA CONEXIÓN A INTERNET




Base: fogares que dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

## I.2. Dispositivos de acceso a Internet

A distribución xeral dos dispositivos de acceso a Internet presenta como opción maioritaria o ordenador portátil (76,3%), seguido a certa distancia polo de sobremesa (64,9%), ao tempo que o teléfono móbil sitúase coma terceira opción, xa cun 43,4% de fogares con conexión que acceden a Internet deste xeito.

### G.7. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET

(% sobre fogares que dispoñen de conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA

A elección do dispositivo de acceso á Rede ven determinada pola idade da persoa que responde á enquisa, e así, o ordenador de sobremesa pasa a ocupar o primeiro lugar no grupo de entre 45 e 54 anos, mentres que a poboación máis xoven relégao a un terceiro posto, por detrás do teléfono móbil. Outros dispositivos como a videoconsola teñen tamén máis peso entre a xuventude, con porcentaxes de uso que duplican a media.

### C.1. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

DISPOSITIVO	GRUPOS DE IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Ordenador de sobremesa	62,0	60,8	68,8	71,5	63,5	52,8	64,9
Ordenador portátil	87,9	85,9	74,0	69,4	70,5	60,4	76,3
Outro tipo de ordenador, axenda	18,7	21,9	19,3	8,1	7,4	4,2	15,1
Teléfono móbil con conexión de banda larga mobil UMTS, 3G, 3,5 G ("USB", tarxeta 3G)	72,1	61,3	45,7	31,8	14,3	7,3	43,4
Televisión con dispositivo específico de acceso a Internet	4,8	8,5	7,3	4,4	2,8	1,4	5,7
Videoconsola	23,3	16,1	7,6	4,8	0,3	3,3	9,8

Base: fogares que dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

Tamén a convivencia con estudantes parece gardar relación co dispositivo de acceso a Internet escollido nos fogares que dispoñen de conexión. O portátil é o dispositivo preferido en todos os casos, especialmente nos fogares con estudantes universitarios. Pero ademais, son os fogares con escolares os que presentan as máis elevadas porcentaxes de uso doutros dispositivos para acceder a Internet, tales como o teléfono móbil (51,7%), as axendas electrónicas, PDA's e tablets (20,4%) ou as videoconsolas (16,6%).

### C.2. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS E ESTUDANTES

DISPOSITIVO	CONVIVENCIA CON ... (%)			Total (%)
	Nenos en idade escolar obrigatoria	Estudantes maiores de 16 anos non universitarios	Estudantes universitarios	
Ordenador de sobremesa	72,9	73,6	65,1	64,9
Ordenador portátil	79,1	74,2	85,5	76,3
Outro tipo de ordenador, axenda	20,4	12,2	12,6	15,1
Teléfono móbil con conexión de banda larga mobil UMTS, 3G, 3,5 G ("USB", tarxeta 3G)	51,7	44,3	46,1	43,4
Televisión con dispositivo específico de acceso a Internet	5,6	2,9	7,0	5,7
Videoconsola	16,6	14,2	11,9	9,8


Base: fogares que dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

### I.3. Os fogares sen Internet contratada

Como xa sinalamos, o 41,7% dos fogares galegos non dispón de conexión a Internet. Case a metade das persoas (49,4%) que non teñen contratada conexión a Internet xustifican maioritariamente esta carencia na falta de interese por non ter necesidade de tal servizo ou simplemente por non querer contratalo (31,2%). Outros factores como a falta de coñecementos (27,6%), o prezo (16,2%) ou o non considerar de utilidade a conexión (16,7%) son tamén significativos.

#### G.8. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET

(% sobre fogares que non dispoñen de conexión a Internet)




Fonte: OSIMGA

Un 4,9% non dispón de conexión porque non é posible contratala no lugar onde vive e, consecuentemente, a gran maioría (77,6%) indica a súa predisposición á contratación se tal servizo estivera dispoñible.




#### G.9. PREDISPOSICION A CONTRATACIÓN DE INTERNET SE O SERVIZO ESTIVERA DISPOÑIBLE



Base: fogares que non dispoñen de conexión a Internet porque non é posible no lugar onde está a vivenda  
Fonte: OSIMGA

Tan só o 16,1% das persoas que non ten conexión a Internet no seu fogar actualmente a tivo con anterioridade, fronte ao 83,9% que nunca tivo acceso á Rede no seu fogar.

#### G.10. TIVERON INTERNET CON ANTERIORIDADE




Base: total de fogares que non dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

O correo electrónico é o servizo da Rede que máis botan en falta os galegos e galegas que carecen de conexión a Internet no seu fogar, e así o manifesta o 36,3% das persoas enquisadas. En segundo lugar atoparíase a posibilidade de informarse ou solicitar axudas e subvencións, un servizo do que lle gustaría dispoñer ao 26%. As redes sociais, pola súa banda, resultan de interese para o 21,2% da poboación que non dispón de conexión, mentres que a posibilidade de solicitar certificados ou autorizacións é un servizo que atrae ao 17,9%.

En termos máis reducidos atoparíanse outra serie de servizos que, con valores de entre o 10,3% e o 16,6%, agruparía a posibilidades da Rede como o teletraballo, o comercio electrónico, a banca on line ou o teleaprendizaxe.

### G.11. SERVICIOS DE INTERESE EN INTERNET

(% sobre fogares que non dispoñen de conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA

Desde a perspectiva de xénero, a orde de demanda de posibles servizos de Internet mantense, mais convén salientar un maior interese xeral en calquera servizo por parte das mulleres, especialmente no teletraballo e na teleaprendizaxe, e coa única excepción da participación en redes sociais, servizo no que os homes mostran máis interese que as mulleres.

### C.3. SERVICIOS DE INTERESE EN INTERNET SEGUNDO SEXO

SERVIZO DO QUE LLE GUSTARÍA DISPOÑER SE TIVESE CONTRATADO INTERNET Resposta múltiple	SEXO (%)		Total (%)
	Homes	Mulleres	
Correo electrónico	35,8	36,8	36,3
Redes sociais	22,2	20,3	21,2
Banca electrónica	16,4	16,6	16,5
Comercio electrónico	12,5	14,4	13,5
Teleaprendizaxe	13,6	19,3	16,6
Teletraballo	8,6	11,9	10,3
Solicitud de axudas e subvencións	22,9	28,8	26,0
Solicitud de autorizacións ou certificados	16,7	19,1	17,9
Outros	3,4	1,2	2,2

Base: fogares que non dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

### C.4. SERVICIOS DE INTERESE EN INTERNET SEGUNDO IDADE

SERVIZO DO QUE LLE GUSTARÍA DISPOÑER SE TIVESE CONTRATADO INTERNET Resposta múltiple	GRUPOS DE IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Correo electrónico	82,6	83,2	60,8	51,8	22,8	8,3	36,3
Redes sociais	83,1	54,9	36,1	22,7	9,6	5,6	21,2
Banca electrónica	17,6	50,7	29,2	20,1	11,3	2,9	16,5
Comercio electrónico	18,8	41,6	27,8	19,6	2,6	3,3	13,5
Teleaprendizaxe	26,9	41,0	31,1	24,0	7,9	4,3	16,6
Teletraballo	20,1	33,0	21,4	15,3	3,3	0,3	10,3
Solicitud de axudas e subvencións	54,5	56,0	40,5	41,0	16,4	6,8	26,0
Solicitud de autorizacións ou certificados	33,9	47,7	31,5	25,8	9,8	3,3	17,9
Outros	1,1	4,3	2,6	4,1	0,8	1,8	2,2

Base: fogares que non dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a idade da persoa enquisada no fogar que non dispón de Internet, obsérvase que o incremento da idade correlaciona negativamente co interese nos servizos que a Rede pode ofrecer, de xeito que poderíamos dicir que a partir dos 55 anos o interese en calquera servizo redúcese considerablemente.

Entre a poboación máis xoven, a posibilidade de acceder ás redes sociais constitúe o máis atraínte dos servizos, por diante do correo electrónico, de modo que a un 83,1% gustaríalle poder utilizar as redes sociais se tivese conexión no fogar.


Cando no fogar que non dispón de conexión conviven menores de 15 anos tórnase de interese obter información sobre actividades formativas, de lecer ou deportivas, unha opción que considerarían atractiva o 57,8% das e dos galegos que conviven con este colectivo.

Dentro das posibilidades de maior utilidade potencial, cabe resaltar a posibilidade de interactuar co profesor ou titor, considerada un factor significativo para o 36,9% da poboación que non ten Internet no fogar e conviven con nenos/as.

Outro servizo menos demandado, que afecta a un grupo poboacional máis pequeno, é a posibilidade de visualizar o estado da gardería, cunha porcentaxe do 31,8%.

#### G.12. SERVIZOS DE INTERESE EN INTERNET CANDO HAI NENOS/AS NO FOGAR

(% sobre fogares que non dispoñen de conexión a Internet e conviven con menores de 15 anos )




Fonte: OSIMGA

Noutro grupo poboacional de interese, neste caso núcleos familiares onde conviven persoas maiores de 65 anos, a potencial contratación de Internet no fogar resultaría de interese para facer uso do servizo de teleasistencia, como recoñece un de cada catro entrevistados/as que conviven con persoas da terceira idade. Non obstante, a posibilidade de informarse sobre actividades de lecer tamén é un factor atraínte para un significativo 20,5%, e o 17,2% mostra tamén interese en materializar a inscrición nesas actividades a través de Internet.


### G.13. SERVIZOS DE INTERESE EN INTERNET CANDO HAI MAIORES NO FOGAR

(% sobre fogares que non dispoñen de conexión a Internet e conviven con maiores de 65 anos )



Fonte: OSIMGA

## II. MODALIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET



- O 55,9% dos fogares galegos ten conexión a Internet a través de banda larga.
- O 59,2% dos fogares que dispón de conexión a Internet disfrutan dunha velocidade de conexión superior aos 4 Mbps.


- ☞ O 55,9% dos fogares galegos ten conexión a Internet a través de banda larga.
- ☞ No período 2010-2011, a banda larga experimentou un crecemento de 9,4 puntos porcentuais. Isto permitiu reducir a fenda dixital de 10,9 puntos en 2010 a 6 puntos en 2011.
- ☞ O ADSL é a modalidade máis empregada, cun 69,5% dos fogares con conexión que acceden a Internet a través desta tecnoloxía.
- ☞ Un 11,3% dos fogares galegos con conexión a Internet xa se conectan á Rede a través da banda larga móbil.
- ☞ A porcentaxe de fogares que disfruta dunha velocidade de conexión superior a 4 Mbps acada ao 59,2% dos fogares galegos que dispoñen de conexión a Internet
- ☞ Case catro de cada dez fogares galegos que dispoñen de conexión (38,9%) teñen contratada unha velocidade de entre 4 e 10 Mbps.

## II.1. Tecnoloxía de acceso

O 69,5% dos fogares con conexión a Internet emprega o ADSL como tecnoloxía de acceso á Rede. En segundo lugar, sitúase o cable (15,4%) e, en valores próximos, a conexión a Internet a través de banda larga móbil (11,3%)

### G.14. MODALIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET

(% sobre o total de fogares que dispón de conexión no fogar)



Fonte: OSIMGA

A incidencia do tamaño do hábitat de residencia é clara á hora de analizar a tecnoloxía que permite acceder a Internet nos fogares. Esta relación amósase basicamente en dous sentidos: por un lado a maior presenza da conexión analóxica nos pequenos núcleos de poboación, e por outro, a maior frecuencia da tecnoloxía de conexión por cable nas vilas e grandes cidades de Galicia.

Nos concellos de menos de 20.000 habitantes, a banda larga móbil ocupa o segundo lugar na orde de dispoñibilidade, por detrás do ADSL, e con maior peso canto menor é o volume de poboación.



### C.5. MODALIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O HÁBITAT

MODALIDADE DE ACCESO	HÁBITAT DE RESIDENCIA (%)					Total (%)
	Máis de 50.000 habitantes	De 20.001 a 50.000 habitantes	De 10.001 a 20.000 habitantes	De 5.001 a 10.000 habitantes	Ata 5.000 habitantes	
Analóxica con módem	2,4	2,6	3,2	2,0	9,2	3,3
ADSL	67,6	61,2	80,6	81,4	57,3	69,5
Cable	21,9	27,2	6,7	3,0	3,1	15,4
Dixital RDSI	0,0	0,6	0,0	0,0	0,0	0,1
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3,5 G ("USB", tarxeta 3G)	8,4	4,9	11,9	15,6	25,4	11,3
Outras conexións de banda larga (vía satélite, WiFi público ou WiMax-non se inclúe o WiFi propio destinado a distribuír o sinal dentro do fogar)	2,4	3,1	0,9	3,0	8,0	3,0
Outro tipo de conexión móbil de banda estreita (outros teléfonos móbiles -GPRS.)	1,9	1,7	1,1	3,2	1,9	1,9

Base: fogares que dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

Se temos en conta a idade da persoa enquisada, o grupo de entre 45 e 54 anos manifesta un maior grao de utilización da tecnoloxía analóxica e do cable, como modalidades de acceso á Rede.

### C.6. MODALIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

MODALIDADE DE ACCESO	GRUPOS DE IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Analóxica con módem	4,6	2,5	3,6	4,8	1,4	1,2	3,3
ADSL	69,9	71,9	68,3	67,1	68,2	75,1	69,5
Cable	14,8	10,7	17,4	19,9	16,9	9,5	15,4
Dixital RDSI	0,0	0,0	0,4	0,0	0,0	0,0	0,1
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3,5 G ("USB", tarxeta 3G)	8,8	17,0	10,8	7,3	11,5	10,3	11,3
Outras conexións de banda larga (vía satélite, WiFi público ou WiMax-non se inclúe o WiFi propio destinado a distribuír o sinal dentro do fogar)	3,0	3,3	2,5	3,6	1,9	3,9	3,0
Outro tipo de conexión móbil de banda estreita (outros teléfonos móbiles -GPRS.)	4,1	1,6	3,0	0,5	0,2	1,4	1,9

Base: fogares que dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA


O 55,9% dos fogares galegos dispón de banda larga, considerando banda larga a conexión mediante ADSL, cable ou banda larga móbil. No período 2010-2011, a banda larga experimentou un crecemento de 9,4 puntos porcentuais. Isto permitiu reducir a fenda dixital de 10,9 puntos en 2010 a 6 puntos en 2011.

### G.15. ACCESO A INTERNET MEDIANTE BANDA LARGA

Fogares con acceso contratado a Banda larga

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA-INE-EUROSTAT

A dispoñibilidade de banda larga como modalidade de acceso a Internet contratada no fogar é moi superior naqueles fogares onde conviven nenos/as en idade escolar (71,2%), 18,3 puntos porcentuais por riba das vivendas onde non hai presenza de escolares.

### G.16. CONEXIÓN A INTERNET MEDIANTE BANDA LARGA SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS EN IDADE ESCOLAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA

Por grupos de idade, a dispoñibilidade de banda larga descende a medida que avanza a idade, acadando valores superiores á media nos grupos etarios entre 16 e 55 anos, e obtendo os seus niveis máis baixos entre a poboación maior de 65 anos.


### G.17. CONEXIÓN A INTERNET MEDIANTE BANDA LARGA SEGUNDO O GRUPO DE IDADE



Fonte: OSIMGA

Se nos detemos na análise da relación entre a conexión a Internet mediante banda larga e o nivel de estudos, observamos que as porcentaxes aumentan progresivamente a medida que o fan os niveis formativos, de xeito que é no grupo de poboación con estudos superiores onde localizamos os valores máis elevados, achegándose ao 79,1%.

### G.18. CONEXIÓN A INTERNET MEDIANTE BANDA LARGA SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS




Fonte: OSIMGA

A análise da situación socio-laboral amosa que son os colectivos de estudantes e de persoas ocupadas os que en maior medida dispoñen de conexión a Internet mediante banda larga. No extremo oposto, os grupos definidos como economicamente inactivos presentan as máis baixas porcentaxes de conexión a Internet a través desta tecnoloxía.

#### G.19. CONEXIÓN A INTERNET MEDIANTE BANDA LARGA SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA

#### G.20. CONEXIÓN A INTERNET MEDIANTE BANDA LARGA SEGUNDO OS INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA

O volume de ingresos no fogar incide na dispoñibilidade de banda larga como modo de conexión a Internet, de xeito que os fogares con ingresos medios superiores aos 1.100 euros mensuais sitúanse por riba da media global, reducíndose considerablemente o valor do indicador nos fogares con menor renda.

## G.21. CONEXIÓN A INTERNET MEDIANTE BANDA LARGA SEGUNDO O HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA


A relación co tamaño do concello de residencia revela unha maior conexión a Internet mediante banda larga nas cidades, onde o valor do indicador sitúase 9,9 puntos por riba da media galega. Os concellos con menos de 5.000 habitantes presentan o dato máis baixo (38,5%), mentres que, nun terceiro nivel, as poboacións de entre 5.000 e 50.000 habitantes amosan porcentaxes similares á media.

## II.2. Velocidade de conexión

Un 38,9% dos fogares galegos con conexión dispón dunha velocidade contratada entre os 4 e os 10 Mbps, o que a converte na opción maioritaria, seguida da velocidade de entre 2 e 4 Mbps (22,3%) e a superior a 10 Mbps (20,3%). Polo tanto, o 59,2% dos fogares con conexión a Internet dispón dunha velocidade contratada superior aos 4 Mbps.

### G.22. VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET

(% sobre o total de fogares que dispoñen de conexión)



Fonte: OSIMGA

Considerando o tamaño do hábitat de residencia, atopamos que nos concellos de menor tamaño a velocidade de entre 1 e 2 Mbps é a máis habitual, mentres que no resto é a de 4 a 10 Mbps a máis frecuentemente contratada. Nos concellos con volumes de poboación de entre 20.000 e 50.000 habitantes destaca a disponibilidad de velocidades de conexión superiores aos 10 Mbps (32,4%).

### C.7. VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O HÁBITAT

VELOCIDADE DE CONEXIÓN	HÁBITAT DE RESIDENCIA (%)					Total (%)
	Máis de 50.000 habitantes	De 20.001 a 50.000 habitantes	De 10.001 a 20.000 habitantes	De 5.001 a 10.000 habitantes	Ata 5.000 habitantes	
Menos de 1 Mbps	4,5	3,2	4,6	9,0	5,5	5,0
De 1 Mbps ata 2 Mbps	13,1	4,2	10,7	11,7	34,2	13,5
De 2 Mbps ata 4 Mbps	24,9	22,5	22,9	16,7	18,3	22,3
De 4 Mbps ata 10 Mbps	34,6	37,8	46,4	48,6	34,0	38,9
De 10 Mbps e máis	23,0	32,4	15,5	13,9	8,0	20,3

Base: fogares que dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

A convivencia ou non con estudantes en idade escolar obrigatoria non fai variar a velocidade de conexión maioritaria nos fogares galegos, que segue a ser a de 4 a 10 Mbps. Non obstante, a presenza de estudantes universitarios no fogar si fai despuntar o valor das máis altas velocidades, e así, unha de cada catro persoas que reside en fogares con estudantes universitarios dispón dunha velocidade de conexión superior a 10 Mbps.

### C.8. VELOCIDADE DE CONEXIÓN SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS E ESTUDANTES

VELOCIDADE DE CONEXIÓN	CONVIVENCIA CON ... (%)			Total (%)
	Nenos en idade escolar obrigatoria	Estudantes maiores de 16 anos non universitarios	Estudantes universitarios	
Menos de 1 Mbps	6,4	3,9	5,6	5,0
De 1 Mbps ata 2 Mbps	14,0	11,6	12,4	13,5
De 2 Mbps ata 4 Mbps	20,0	22,8	17,5	22,3
De 4 Mbps ata 10 Mbps	40,9	46,4	38,6	38,9
De 10 Mbps e máis	18,7	15,2	25,9	20,3

Base: fogares que dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA

A poboación máis nova (de 16 a 34 anos) supera a media galega na contratación de velocidades de conexión de entre 4 e 10 Mbps, mentres que os grupos de mediana idade (de 35 a 64 anos) fan o propio en relación á velocidade superior a 10 Mbps. O colectivo de maiores (de 65 a 74 anos) ten contratada en maior medida que os demais grupos de idade, unha velocidade de conexión entre 1 e 2 Mbps.

### C.9. VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

VELOCIDADE DE CONEXIÓN	GRUPOS DE IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Menos de 1 Mbps	4,2	4,9	6,2	4,8	5,3	2,5	5,0
De 1 Mbps ata 2 Mbps	12,6	14,6	13,5	13,5	10,8	17,0	13,5
De 2 Mbps ata 4 Mbps	21,8	22,2	18,9	23,8	24,2	28,9	22,3
De 4 Mbps ata 10 Mbps	46,5	43,2	34,9	35,6	36,5	39,0	38,9
De 10 Mbps e máis	14,9	15,2	26,5	22,2	23,3	12,6	20,3

Base: fogares que dispoñen de conexión a Internet  
Fonte: OSIMGA



## EN SÍNTESE

- 👉 Os avances na contratación de Internet e banda larga nos fogares galegos víronse favorecidos polas actuacións do Plan de Banda Larga 2010-2013, que está a desenvolver a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- 👉 En menos de dous anos máis de 63.000 fogares galegos déronse de alta en servizos de Internet.
- 👉 O 58,3% dos fogares galegos dispón de conexión a Internet. A presenza de Internet nos fogares galegos incrementouse 9,4 puntos con respecto a principios do ano 2010, permitindo reducir a fenda coa media estatal en 4,6 puntos.
- 👉 O dispositivo de acceso maioritario á Rede é o ordenador portátil (76,3%), que supera significativamente ao ordenador de sobremesa (64,9%). Un 43,4% accede á Rede a través do teléfono móbil.
- 👉 O dato de contratación de conexión a Internet elévase nas grandes cidades ata o 67,9%, case 10 puntos por riba da media galega, mentres que nos concellos rurais de ata 5.000 habitantes a porcentaxe descende ata un 43,3%, 15 puntos por baixo da media.
- 👉 O 74,5% dos fogares onde viven estudantes en idade escolar obrigatoria teñen contratado Internet.
- 👉 O motivo máis frecuente de non ter contratada conexión a Internet é a falta de interese, xustificada no feito de non necesitala (49,4%).
- 👉 O correo electrónico é o servizo que máis botan en falta as persoas que non teñen conexión a Internet no fogar (36,3%).

- ☞ Participar nas redes sociais é o servizo que resultaría de interese para un 21,2% dos fogares que actualmente non dispoñen de conexión a Internet.
- ☞ O 55,9% dos fogares galegos ten conexión a Internet a través de banda larga. No período 2010-2011, a banda larga experimentou un crecemento de 9,4 puntos porcentuais. Isto permitiu reducir a fenda dixital de 10,9 puntos en 2010 a 6 puntos en 2011.
- ☞ O ADSL é a modalidade máis empregada, cun 69,5% dos fogares con conexión que acceden a Internet a través desta tecnoloxía.
- ☞ Un 11,3% dos fogares galegos con conexión a Internet xa se conectan á Rede a través da banda larga móbil.
- ☞ A porcentaxe de fogares que disfruta dunha velocidade de conexión superior a 4 Mbps acada ao 59,2% dos fogares galegos que dispoñen de conexión a Internet
- ☞ Case catro de cada dez fogares galegos que dispoñen de conexión (38,9%) teñen contratada unha velocidade de entre 4 e 10 Mbps.

---

**Fontes de información**

<i>Datos referentes a Galicia</i>	<i>Edicións anteriores do observatorio 2008</i>	<i>INE 2009 e 2010</i>	<i>OSIMGA 2011</i>
<i>Datos referentes a España</i>	<i>INE 2008, 2009, 2010 e 2011</i>		
<i>Datos referentes a Europa</i>	<i>Eurostat 2008, 2009, 2010 e 2011</i>		

---

Indicadores sobre Banda Larga 2011.  
Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

